

# SANTA ANA ENSINANDO A LER Á VIRXE

## Murillo

A pintura titúlase “ **Santa Ana ensinando a ler á Virxe**”.

(Santa Ana é a nai da Virxe María, é dicir, a avoa de Xesús)

Actualmente está no Museo do Prado (Madrid).

Foi pintada en 1665 por **Bartolomé Esteban Murillo**.



Murillo, pintor español moi famoso, viviu no século XVII. Fai uns 300 anos.

Pintor excepcional, os seus cadros están repartidos por importantes museos de distintos lugares do mundo.

Este cadro, representa o momento en que a Virxe María era nena.

Fixádevos que a roupa que leva é diferente coa que estamos acostumados a ver a María nas historias da Biblia?

Murillo pintaba aos personaxes dos seus cadros ca roupa da época do pintor.

Se Murillo vivise agora, a Virxe María estaría vestida coa mesma roupa que usamos nos na actualidade.

O momento que se representa no cadro, é igual que o que se pode ver en calquera casa, unha nai que deixa de traballar un momento ( parece que estaba cosendo) para ensinar á súa filla a ler.

No fondo, dous anxos traen unha coroa de flores para poñerlla á nena.